

Servizo de execución dun programa formativo e de consultaría dirixido a cooperativas de ensino socias da Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco do proxecto CONSOLIDA+ 2026, actividade incluída no programa de actuación 2025-2026 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social.

CONDICIÓN S DE CONTRATACIÓN

Segundo o protocolo de transparencia e bo goberno da Unión de Cooperativas EspazoCoop, realizarase un concurso de contratación de servizos ou a adquisición de produtos cando o seu custo supere a cifra de 3.500,00€ de base imponible, a non ser que, a criterio do Consello Reitor e en base ás características do produto ou servizo a contratar, se determine outra cousa.

OBJECTO DO CONTRATO

Convócase un concurso público, baixo os principios de publicidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a realización dun **servizo de deseño e implantación de 3 procesos de mellora nas áreas produtiva, organizativa, comercial e económico-financeira**, noutras tantas cooperativas de ensino asociadas a Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco do proxecto CONSOLIDA+ 2026, aprobado dentro da programación de actividades da Rede Eusumo para o período 2025-2026.

O período de execución do servizo será dende o 16/02/2026 ata o 30/09/2026.

PROCEDEMENTO

Procedemento aberto e simplificado de adxudicación.

CONTRATANTE

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.

CONTIDO DO SERVIZO E PROPOSTA

A finalidade deste servizo é asesorar no proceso de consolidación e mellora a 3 cooperativas pertencentes á sectorial de ensino da Unión de Cooperativas EspazoCoop, co obxecto de manter ou incrementar o emprego, mellorar as condicións de traballo e garantir a supervivencia e o crecemento da empresa, a medio e longo prazo. A duración estimada para o conxunto dos 3 asesoramentos suporá un mínimo de 90 horas.

O servizo é parte do desenvolvemento do programa [CONSOLIDA+, Consolidando o tecido cooperativo](#), enmarcado nas actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, expediente TR811A-2025-00020, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

CONSOLIDA+ busca manter e incrementar o emprego cooperativo, mellorar as condicións de traballo e garantir a viabilidade e o crecemento das cooperativas beneficiarias mediante o acompañamento personalizado, a través de accións como:

- Dar soporte e apoio ás socias para a consolidación.
- Acompañar ás socias, órganos directivos e consellos reitores para asumir con garantías o seu papel de goberno e xestión.
- Impulsar o encontro e as relacións entre cooperativas.
- Facilitar ferramentas específicas de xestión empresarial.

Establécense os seguintes mínimos dentro da prestación do servizo:

- Dar soporte a procesos de consolidación da actividade, mantemento de emprego de calidade das 3 cooperativas, tratando de impulsar medidas que permitan garantir a súa supervivencia e/ou crecemento a medio e longo prazo.
- Acompañar ás persoas socias, órganos directivos e consellos reitores para que podan asumir con garantías o seu papel de goberno e xestión, cun traballo auto avaliativo de identificación de eivas, melloras e potencialidades para consolidar a cooperativa.
- Impulsar o encontro entre cooperativas, a posta en común de necesidades e recursos, a transferencia de experiencias, metodoloxías e boas prácticas entre as cooperativas que participen no programa.
- Facilitar ferramentas específicas de xestión, repositorios, bases de datos, de auto-diagnose e planificación, e tamén boas prácticas, que poidan contribuír a unha óptima maduración dos proxectos en cooperativa e consolidación das cooperativas participantes.
- Garantir unha trazabilidade do servizo que recolla as fontes de verificación establecidas na orde marco da subvención, segundo a información facilitada pola coordinadora do programa.
- Incorporar autorización expresa para uso das imaxes das sesións como fonte de verificación, e facilitar alo menos unha sesión de gravación dalgunha sesión de traballo para incorporar ó recurso audiovisual que se vai elaborar, durante o mesmo período de execución, para a difusión do programa.

FASES DO PROCESO DE ACOMPAÑAMENTO DE COOPERATIVAS EN PROCESOS DE CONSOLIDACIÓN

- Auto-diagnose da situación e definición das necesidades de actuación prioritarias das distintas áreas da empresa:
 - Análise da área produtiva, comercial e de mercado: análise de mercado, produtos/servizos, custos, prezos e marxe de beneficios; clientes e competidores; a intercooperación e a innovación en procesos, produtos/servizos e mercados.
 - Análise da área organizativa: funcións e responsabilidades, marco laboral, sistemas de información e comunicación interna e plan de formación; prevención de riscos e responsabilidade social.
 - Análise da área económica e financeira: sistemas de información contable e económico-financeira, elaboración de estados provisionais; área fiscal, normativa e beneficios; análise e/ou elaboración do cadro de mando integral.
- Partindo da diagnose, determinar as medidas prioritarias e definir o plan de continxencia.
- Planificación para a posta en marcha das propostas de mellora nas distintas áreas analizadas; plan estratéxico e de xestión da cooperativa, e medidas para a súa implantación, así como indicadores de medición de resultados trala súa execución.

A proposta a presentar contemplará os seguintes mínimos:

- Índice de actuacións a desenvolver
- Metodoloxía a empregar na súa formulación
- Calendario de traballo proposto e sistema de coordinación con EspazoCoop

- Equipo de traballo que desenvolverá a actividade
- Descrición da experiencia, aptitudes e coñecementos profesionais do equipo técnico
- Lingua na que se desenvolverá a actividade
- Oferta económica, indicando base, IVE aplicable e prezo final incluído IVE
- Calquera outro que queira ser considerado a efectos de baremación, segundo os criterios de puntuación recollidos neste prego
- Declaración responsable de que a entidade está ó corrente das súas obrigas tributarias

A oferta económica incluírá todos os gastos en que a empresa adxudicataria haxa de incorrer para a prestación do servizo, incluíndo os seguros de Responsabilidade Civil e outros propios da actividade económica.

CADROS DE PERSOAL

A empresa licitadora deberá incluír na súa proposta o equipo que realizará o servizo no caso de que sexa adxudicataria. Este equipo estará dirixido por unha persoa coordinadora de proxecto que actuará como único punto de contacto coa Unión de Cooperativas EspazoCoop.

A empresa adxudicataria deberá proporcionar, mediante currículo vitae, os perfís profesionais dos membros do equipo que prestarán os servizos, indicando as funcións que desempeñará cada membro do equipo. Para a realización dos servizos obxecto do contrato, deberá incluír no contrato persoas con formación e/ou experiencia demostrable de polo menos dous anos nestes servizos, que deberán estar debidamente acreditadas, acompañando no caso dos CV unha declaración responsable de que a información recollida nos mesmos foi verificada e contrastada previamente, e no caso doutros traballos realizados, fonte de verificación dos mesmos.

A empresa adxudicataria non poderá subcontratar o servizo obxecto do contrato.

PRAZO DE EXECUCIÓN

O servizo comezará o día seguinte da comunicación da adxudicación e estará rematado con data 30/09/2026, considerando que como mínimo, un mes antes da dita data, terá que estar definido entre as partes as liñas do plan de mellora final.

ORZAMENTO

Establécese un prezo máximo de 4.350,00€ + IVE.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Cada licitadora poderá presentar unha soa proposta, nos termos descritos. As ofertas deberán presentarse vía correo electrónico ao correo roberto@espazo.coop, co asunto OFERTA SERVIZO CONSOLIDA+ 2026 ENSINO e acuse de recibo, entre o 5 e o 12 de febreiro de 2026 ás 14.00 h (hora peninsular).

MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes a EspazoCoop, a saber:

- Lucía Mendoza Fernández
- Teresa Balado Barciela
- Roberto Andrés Sanmartín

As propostas recibidas serán avaliadas de forma obxectiva e segundo os criterios de adxudicación do contrato. Propoñerá a adxudicación a favor do proponente que obteña a maior puntuación nos criterios e melloras incluídas. En caso de empate entre dous ou máis ofertas, outorgarase un novo prazo de tres días hábiles para a presentación de melloras, manténdose os criterios de adxudicación.

A adxudicación positiva e negativa será notificada mediante correo electrónico ás licitadoras e será publicada na páxina web de EspazoCoop. No caso de que o órgano de contratación considere necesario verificar a personalidade xurídica, capacidade de obrar, o poder, ou se os servizos do contrato se atopan dentro do seu obxecto social, fins ou ámbito de actividade, poderá requirir ao licitador que presentar a documentación acreditativa correspondente no prazo de dous días hábiles, contado a partir do día seguinte a aquel en que se enviou a solicitude.

O mesmo farase en todo caso á empresa que obteña a mellor puntuación mediante comunicación electrónica.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIO / MELLORA	máximo puntos	maximo puntuación bloque	peso criterio/bloque
Ser cooperativa afiliada a EspazoCoop	4	4	16,00%
Ser cooperativa non afiliada a EspazoCoop	2		
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	1		
Experiencia Profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato	4	7	28,00%
Traballos previos satisfactorios coa Unión	2		
Ser cooperativa de nova creación (menos de dous anos)	1		
Calidade da proposta técnica	5	7	28,00%
Melloras sobre a proposta técnica base do prego	2		
Grao intercooperación - Proxecto demostrable de Intercooperación con outras socias (0,75) - Intercooperación e pertenza a redes: COOP57, REAS, ... (0,25) - Grao de participación nas actividades da Unión dos últimos dous anos (1)	2	2	8,00%
Oferta económica	4	4	16,00%
Medidas de Responsabilidade Social Empresarial implantadas	1	1	4,00%
TOTAL PUNTOS		25	

CONFIDENCIALIDADE

O licitador ou adxudicatario deberá respectar o secreto profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre todos os documentos e información que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que se elaboren no desenvolvemento do proxecto. Tamén queda expresamente obrigado a:

- A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para os fins previstos na mesma.
- Non comunicalo, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei e pola propia natureza de avaliación externa do presente contrato; esixindo o mesmo compromiso ao persoal que emprega ou que colabora con el na execución do contrato.
- Facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que o necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se lles advertirá da obrigaçión de tratar de forma estritamente confidencial a información á que se lles dea acceso.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O pago do prezo do contrato realizarase un 10% á firma do contrato, e un 90% ao peche do produto final validado por EspazoCoop, previa presentación, por quen sexa o contratista, das facturas correspondentes no mesmo período de facturación, salvo que ambas as partes acorden outros termos.

Ademais do contrato de servizos en si, este documento de condicións de contratación e o protocolo de contratación de servizos da Unión Cooperativa EspazoCoop terán carácter contractual.

A empresa adjudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, unha persoa que será a encargada da relación coa Unión de Cooperativas EspazoCoop, co fin de coordinar, e trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento necesarias para o correcto desenvolvemento do servizo obxecto de contratación.

CONSULTAS

As entidades licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 986 866 149 e/ou ao correo electrónico roberto@espazo.coop

Persoa de contacto: Roberto Andrés Sanmartín

En Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2026